



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 29 DE XULLO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. Fernando Manuel Garrido Negreira

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as once horas e dez minutos do día vinte e nove de xullo do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Actúa como secretario o secretario accidental do Concello, D. Fernando Manuel Garrido Negreira, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 21 DE XULLO DE 2025 E SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 22 DE XULLO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións extraordinaria e urxente celebrada en data 21 de xullo de 2025 e ordinaria do día 22 de xullo de 2025, das que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométense a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión extraordinaria e urxente realizada en data 21 de xullo de 2025 e ordinaria do día 22 de xullo de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, o secretario accidental dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:



- Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local, Ministerio de Facenda, Resolución de 21 de xullo de 2025, pola que se dá cumprimento ao artigo 41.1.a) do Real-decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico. BOE número 181, de 29-07-2025.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 18 ao 23 de xullo de 2025, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Socioeconómico núm. 698/2025 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 706/2025, segundo se relacionan a continuación:

| Nº decreto | Data sinatura | Asunto |
|-------------------|----------------------|--|
| 698/2025 | 18-07-2025 | Conceder a autorización para exercer a venda ambulante en camiión tenda/remolque no lugar da Torre (Andeiro) nas datas do 21 de xullo de 2025 ao 22 de xullo de 2025, con motivo das festas na honra da Virxe do Carme. Solicitante: LPR |
| 699/2025 | 18-07-2025 | Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de xullo de 2025 |
| 700/2025 | 21-07-2025 | Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención municipal con data 18 de xullo de 2025 respecto do contrato do servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre. Dispoñer que continúe o procedemento para a adxudicación da prórroga |
| 701/2025 | 21-07-2025 | Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 21 de xullo de 2025 |
| 702/2025 | 21-07-2025 | Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 24 de xullo de 2025 |
| 703/2025 | 22-07-2025 | Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de de data 18 de xuño de 2025, tendo en conta os informes emitidos polo administrador do sistema informático con data 19.06.2025, polo oficial, en funcións de xefe da Policía local, de data 20.06.2025 pola coordinadora de Servizos sociais con data 25.06.2025 e pola axente de desenvolvemento local de data 25.06.2025. Aprobar as facturas por importe de 174.842,53 euros |
| 704/2025 | 23-07-2025 | Declarar a caducidade do expediente ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo sen que se tivera notificado ao interesado resolución expresa, de acordo co establecido nos artigos 152.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Iniciar expediente de orde de execución a GVCh para a poda das polas das árbores existentes na finca sita en Peirao, Bribes, que están a invadir a vía pública |
| 705/2025 | 23-07-2025 | Denegar a licenza municipal solicitada para o tendido dunha liña aérea de baixa tensión e execución dunha canalización de 3 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión, destinadas a proporcionar subministración de enerxía eléctrica para |



| | | |
|----------|------------|--|
| | | uso agrícola á finca sita no lugar de Altamira, parroquia de Anceis, toda vez que na citada parcela non existe licenza nin título habilitante ningún para o exercicio dunha actividade agrícola, de xeito que non resulta xuridicamente viable a concesión dunha licenza municipal para o tendido dunhas liñas eléctricas aérea e subterránea de baixa tensión destinadas a usos agrícolas cando non existe un uso agrícola debidamente legalizado. Solicitante: UFD, DE, SA |
| 706/2025 | 23-07-2025 | Conceder a licenza para o cambio de uso do local comercial sito na estrada Cambre-Temple a vivenda e para as obras de adecuación correspondentes, de conformidade co artigo 26 do Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana aprobado por Real decreto lexislativo 7/2015. Solicitante: ARM |

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Proposta relativa á aprobación inicial do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a ampliación do cemiterio parroquial de San Xoán de Anceis-Cambre

A Sra. presidenta intervén e manifesta a urxencia do asunto vén motivada pola necesidade da ampliación e urbanización do cemiterio parroquial de San Xoan de Anceis habida conta do estado de ocupación do cemiterio existente, vencellado á igrexa de San Xoan de Anceis, que fai necesaria unha ampliación.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, e é aprobada por unanimidade.

- ÚNICO. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS-CAMBRE

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 (CVD: a78kPirfxNQpAVj2XKW), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente 2024/U035/000001 tramitado para a aprobación dun Plan especial de infraestruturas e dotacións para a ampliación do cemiterio parroquial de San Xoán de Anceis.



Visto o Plan especial de infraestruturas e dotacións presentado o día 11 de abril de 2025, con nº de rexistro 202599900002191, por don José Fernando Barros, na representación do Arcebispado de Santiago de Compostela.

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto municipal – xefe da Sección de Planeamento e Xestión, o día 27 de xuño de 2025 (CVD: UCFIIZ3vBY5GsuWgRnj).

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior en data 16 de xullo de 2025 (CVD: i2rYG5JwmSeOD6/WAieF), que transcrito di:

«AREA DE URBANISMO E REXIME INTERIOR

Plan especial de infraestruturas e dotacións para a ampliación do cemiterio parroquial de San Xoan de Anceis: exp. nº 2024/U035/000001.

En relación co plan especial indicado, e segundo o establecido no artigo 75.1d) da Lei 2/2016 do solo de Galicia, emítase o presente **INFORME** con base nos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Con data 19 de xaneiro de 2024 por don José Fernando Barros, na representación do Arcebispado de Santiago de Compostela, preséntanse neste Concello o borrador e o documento ambiental estratéxico do plan especial de infraestruturas e dotacións para a ampliación do cemiterio parroquial de San Xoan de Anceis redactado pola entidade Alfonso Botana, S.L.

2º.- A través de escrito deste Concello de data 9 de setembro de 2024 solicítase á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañando o borrador do plan especial indicado e o documento ambiental estratéxico.

3º.- Con data de rexistro de entrada 15 de decembro de 2024 recíbese escrito da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ao que se acompaña o informe ambiental estratéxico relativo ao Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a ampliación do cemiterio parroquial de San Xoan de Anceis emitido pola Directora Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade de data 5 de decembro de 2024 ao que se acompañan copias dos informes recabados no período de consultas da Dirección Xeral de Urbanismo, Instituto de Estudos do Territorio e da Dirección xeral de Patrimonio Cultural.

En dito informe ambiental indícase que non se prevé que dito plan especial de infraestruturas e dotacións “teña efectos ambientais significativos” pero que deberán atenderse as condicións que relaciona sinaladas polo Instituto de Estudos do Territorio e pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

4º.- A través de escrito do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 9 de decembro de 2024 remítese á entidade redactora deste plan especial o informe ambiental estratéxico emitido xunto cos informes autonómicos recabados co fin de que se teñan en conta na redacción do citado plan especial de infraestruturas e dotacións.

5º.- Con data de rexistro de entrada do 13 de febreiro de 2025, preséntase por don José Fernando Barros Fornos, na representación do Arcebispado de Santiago de Compostela, o documento do plan especial referido para a súa aprobación inicial.

6º.- Polo arquitecto municipal-xefe de Sección de Planeamento e Xestión emítase con data 28 de febreiro do 2025 informe no que se recolle a necesidade de xustificar no Plan Especial en cuestión unha serie de consideracións sobre o contido dos informes autonómicos recibidos en torno á paisaxe e ao patrimonio cultural.



7º.- Con data 11 de abril de 2025 rexístrase de entrada por don José Fernando Barros, na representación do Arcebispo de Santiago de Compostela, o plan especial de infraestruturas e dotacións citado modificado.

8º.- Con data do pasado 27 de xuño emítese informe favorable polo arquitecto-xefe de Sección de Planeamento e Xestión a este plan especial, propoñendo que se proceda a súa aprobación inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- A normativa principalmente aplicable está contida nos artigos 35-1p), 36-4, 73, 74, 75, 76 e disposición transitoria primeira-2d) da Lei 2/2016 do solo de Galicia; 183 e seguintes do Regulamento da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016; artigos 21 e 22 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e 94 e seguintes das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre.

2º.- A calificación do solo que nos ocupa é a de solo non urbanizable común polo que en aplicación da Disposición Transitoria Primeira-2d) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia o réxime que lle corresponderá ao mesmo será o de solo rústico regulado en dita lei.

Entre os usos e actividades admisibles en solo rústico encóntranse as construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados, de conformidade co artigo 35.1p) da Lei 2/2016 do solo de Galicia. Para isto o artigo 36.4 da mesma Lei esixe a aprobación dun plan especial de infraestruturas e dotacións. Pois ben, ese é o obxectivo do plan especial obxecto do presente informe, a ampliación e urbanización do cemiterio parroquial de San Xoan de Anceis habida conta do estado de ocupación do cemiterio existente, vencellado a igrexa de San Xoan de Anceis, que fai necesaria unha ampliación do mesmo.

Neste mesmo sentido, o artigo 73 da Lei do solo de Galicia, relativo aos plans especiais de infraestruturas e dotacións, considera un dos obxetivos dos mesmos a implantación dos usos previstos no punto p) do artigo 35-1 da mesma lei antes citado.

3º.- A documentación deste plan especial correspóndese coa esixida no artigo 184 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, e desta documentación e do informe técnico que figura no expediente do pasado 27 de xuño dedúcese que se cumpre coas determinacións relacionadas nos artigos 73.2 de dita Lei e 183-2 do mesmo Regulamento.

4º.- O procedemento a seguir para a aprobación deste plan especial é sucintamente o seguinte:

a) O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e o someterá a información pública, como mínimo durante dous meses, mediante anuncios a publicar no Diario Oficial de Galicia en nun dos xornais de maior difusión da provincia, e simultaneamente o notificará individualmente a todos os titulares catastrais dos terreos afectados, de conformidade co artigo 75-1a) da Lei 2/2016.

b) Durante este mesmo tempo de información pública o Concello solicitará ás administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos.

Á marxe do que no informe técnico municipal que obra no expediente non se indica nada sobre posibles afeccións que esixan solicitar informes sectoriais, o Concello debe, tras a aprobación inicial deste documento, solicitar os seguintes informes, de conformidade coa lexislación sectorial e o Anexo II do Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia:

- Á Delegación do Goberno, polas redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, hidrocarburos e gas natural, de conformidade coa disposición adicional segunda-4 da Lei 13/2003 reguladora do contrato de concesión de obras públicas, artigo 5 da Lei 34/1998 do sector de hidrocarburos, artigo 5 da Lei 24/2013 do sector eléctrico e artigo 68 do Real Decreto 1434/2002.
- A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de conformidade co artigo 34 da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia.



c) Posteriormente, e á vista das alegacións presentadas e dos informes sectoriais emitidos, procederase á súa aprobación provisional, para sometelo seguidamente á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas co fin de que emita o informe preceptivo sobre o plan especial, previo á súa aprobación definitiva polo Concello, tal e como esixe o apartado 1.e) do artigo 75 citado, ao tratarse este instrumento de ordenación dun plan especial non previsto nas Normas subsidiarias do planeamento de Cambre.

5º.- O órgano competente para a aprobación inicial e provisional deste plan especial é a Alcaldesa, de conformidade co artigo 21.1j) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, si ben ésta competencia foi delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución da Alcaldía nº 391/2025 de data 30 de abril de 2025, de conformidade co artigo 21.3 da mesma Lei 7/1985.

O órgano competente para a súa aprobación definitiva é o Pleno da Corporación, de conformidade co artigo 22.2c) da Lei 7/1985, ao ter este atribuído a "aprobación que ponga fin a la tramitación municipal de los planes y demás instrumentos de ordenación previstos en la legislación urbanística".

Tal aprobación plenaria non require dunha maioría cualificada, de conformidade co artigo 47.2 do mesmo texto legal.

En base a todo isto, fórmulase a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1º.- Aprobar inicialmente o Plan Especial de infraestruturas e dotacións para a ampliación do cemiterio parroquial de San Xoan de Anceis-Cambre, redactado pola entidade Alfonso Botana, S.L.

2º.- Someter o instrumento de planeamento a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia e notificar individualmente este trámite a todos os titulares catastrais dos terreos afectados, de conformidade co artigo 75.1a) da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

3º.- Solicitar os informes sectoriais pertinentes a Delegación do Goberno polas redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, hidrocarburos e gas natural, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda-4 da Lei 13/2003 reguladora do contrato de concesión de obras públicas e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de conformidade co artigo 34 da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, e de acordo co artigo 75-1b) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.»

Visto que consta no expediente nota informativa de conformidade co dito informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, emitida polo secretario accidental en data 29 de xullo de 2025 (CVD: KcJ2pMvGm68cG3ONRzAg).

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Plan especial de infraestruturas e dotacións para a ampliación do cemiterio parroquial de San Xoan de Anceis-Cambre, redactado pola entidade Alfonso Botana, S.L.

Segundo.- Someter o instrumento de planeamento a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia e notificar individualmente este trámite a todos os titulares catastrais dos terreos afectados, de conformidade co artigo 75.1a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.



Terceiro.- Solicitar os informes sectoriais pertinentes á Delegación do Goberno polas redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, hidrocarburos e gas natural, de conformidade coa Disposición adicional segunda-4 da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, e á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de conformidade co artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, e de acordo co artigo 75-1b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 (CVD: a78kPirfxNQQpAVj2XKW), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretario accidental, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

O secretario accidental

Fernando Manuel Garrido Negreira